

Código do documento	Código do expediente
UCP17I00F8	UCP/2018/817
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2K08 5E4W 0N2U 4X72 0SR5	

RBF

RESOLUCIÓN

Levantamento de reparo e aprobación do expediente de contratación de obra: Renovación vial VP-124 en Fonte da Balsa

O 26 de xullo de 2021, mediante Resolución número 1370, aprobouse o proxecto de obra (documento con código de verificación 5T1C4O6Y522P2F690L5K) denominado "Renovación do vial VP-124 en Fonte da Balsa. Concello de Culleredo (A Coruña)", redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Alejandro Peña López.

O 23 de decembro de 2022, mediante Resolución número 2477, aprobouse un anexo de actualización dos prezos do devandito proxecto constructivo (documento UME16I04GRI)

O expediente para a contratación da obra iniciouse mediante orde da sra. concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica.

C.I.F. P-1503100-H

De acordo co disposto polo artigo 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE (en adiante, LCSP) a adxudicación realizarase empregando o procedemento aberto.


Visto o expediente de contratación da obra e o informe proposta contido no mesmo. Visto o informe de fiscalización UIT17I00P5 emitido pola Intervención municipal desfavorable á proposta, motivo polo cal formula reparo suspensivo por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

Considerando a discrepancia co reparo suspensivo posta de manifesto e o disposto respecto dos reparos e as discrepancias cos mesmos polo artigo 217 apartado 1º do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Considerando que no expediente consta a supervisión e aprobación do correspondente proxecto de obra, que define con precisión o obxecto do contrato, así como o prego de cláusulas administrativas particulares, o certificado de existencia de crédito orzamentario e que de acordo co disposto polo artigo 236 da Lei de Contratos a tramitación do expediente de contratación está dispensado do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, se ben non se poderá iniciar a execución das obras en tanto non se formalice a ocupación dos mesmos.

RESOLVO:

1 de 2

Código do documento	Código do expediente
UCP17100F8	UCP/2018/817
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2K08 5E4W 0N2U 4X72 0SR5	

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocar a competencia para aprobar o expediente de contratación da obra denominada renovación do vial VP-124 en Fonte da Balsa.

Segundo.- Aprobar o expediente para a contratación da obra denominada "Renovación do vial VP-124 en Fonte da Balsa. Concello de Culleredo (A Coruña)", de acordo co artigo 117 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Terceiro.- Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato, establecer como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, ao cumprirse neste caso as condicións establecidas para elo no apartado primeiro do artigo 159 LCSP.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 LCSP, publicar no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adxudicación, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato e a presente resolución de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Quinto.- Aprobar o correspondente gasto por importe de 401.766,09€ con cargo á partida 1532-61900 do orzamento en vigor (RC 220210019192, 220230005375 e 220230005556).

O alcalde-presidente
(asinado dixitalmente)

Dou fe,
O secretario xeral
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H